

EXPEDIENTE: 2023/E001/000003

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, NO PROCESO SELECTIVO PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE PROSPECTORES/AS DE EMPREGO PARA PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO DO CONCELLO DE DODRO

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto o expediente que se tramita para a formación dunha bolsa de emprego de prospectores/as de emprego para programas integrados de emprego do Concello de Dodro mediante o sistema de concurso-oposición, segundo as bases aprobadas na Xunta de Goberno Local Extraordinaria do día 6 de febreiro de 2023 e a corrección das mesmas foi aprobada por Resolución da Alcaldía 61/2023 do día 15 de febreiro de 2023.

O anuncio das bases corrixidas da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 24 de febreiro de 2023 (BOP núm. 38) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade coa base segunda, referida aos requisitos das persoas aspirantes, e a base quinta, referida á presentación de instancias, en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 5 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego de prospectores/as de emprego para programas integrados de emprego do Concello de Dodro

APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4 OU EQUIVALENTE	ADMITIDO/A EXCLUÍDO/A
Becerra Camiña Ana Isabel	***178***	Si	Excluída (3)
Cabo Gómez Cristina	***666***	Si	Admitida
Campaña Abuín Victor Manuel	***574***	Si	Admitido
Cortiñas Casal César	***612***	Si	Excluído (1)
Gómez Casal Fátima María	***017***	Si	Excluída (1, 2 e 4)
Mariño Nin María José	***802***	Si	Excluída (3 e 4)

Claves de exclusión:

1- Non achegar o Anexo I ou este non é correcto. A base quinta, referida á presentación de instancias, di:

"1. As persoas que desexen formar parte no procedemento selectivo deberán facelo constar mediante instancia, dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Dodro, a cal se formalizará segundo o modelo que se acompaña como Anexo I destas

bases. A instancia incluíra unha manifestación de que reúne todos e cada un dos requisitos desta convocatoria."

2- Non achegar a declaración responsable a que se refire a base quinta, presentación de instancias que di:

" 6.- Declaración responsable de que non está incurso en ningún dos supostos recollidos nas letras d) e máis e) da base segunda (Anexo II)"

3- Non acreditar de modo correcto a circunstancia que da lugar a bonificación do 50% da taxa por dereitos de exame. (Base terceira e base quinta)

4- Non aportar a relación de méritos alegados para a fase de concurso. (Base quinta)

O cumprimento dos requisitos anteriores debe estar referido ao último día do prazo de presentación de solicitudes.

Segundo.- A lista provisional de persoas admitidas e excluídas publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro. As persoas aspirantes excluídas, dispoñen dun prazo de tres días hábiles seguintes á publicación desta resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos (base 6ª), nos termos do art. 68 da Lei 39/2015.

Terceiro.- As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanen a exclusión ou non aleguen a omisión xustificando o seu dereito a ser incluídas na relación de persoas admitidas serán definitivamente excluídas da realización das probas.

Documento asinado dixitalmente

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

A secretaria- interventora, que da fe